

SESIÓNS DE RADIO

SESIÓN RADIO 2 FEBREIRO: O poder dos contos

A tarefa máis importante e máis difícil da educación dun fillo é a de axudalo a atopar sentido á vida. Para obter éxito nesta tarefa educativa, é fundamental que os adultos que están en contacto máis directo co neno produzan unha firme e axeitada impresión nel e que lle transmitan correctamente a nosa herencia cultural. E a literatura infantil é a que posibilita esta labor.

Os contos infantís satisfacen e enriquecen a vida interna dos nenos.

Isto é debido a que os contos se desenvolven no mesmo plano no que se atopa o neno, en canto a aspectos psicolóxicos e emocionais se refire. Os contos falan de fortes impulsos internos dunha maneira que o pequeno pode comprendelos inconscientemente e, ademais, ofrecen exemplos de solucións, temporais ou permanentes, aos seus conflitos.

Este tipo de historia enriquece a vida do teu fillo porque estimula a súa imaxinación; axúdao a desenvolver o seu intelecto e a clarificar as súas emocións; ten en conta as súas preocupacións e aspiracións; axúdao a recoñecer os seus conflitos e lle suxire solucións aos problemas que lle inquetan.

Os contos aportan á imaxinación do neno novas dimensións as que lle sería imposible chegar por si só.

Os contos infantís xeralmente proporcionan seguridade ao neno porque lle dan esperanzas respecto ao futuro por canto manteñen a promesa de un final feliz. Estes contos poden ofrecer solucións aos conflitos do neno, xa que as súas contradicións internas son representadas e expresadas mediante os personaxes e as accións da historia. Esta representación permite que ao neno se lle fagan comprensibles moitos dos seus sentimentos, reaccións e actuacións que aínda non entende nin domina e que poden chegar a angustiarlle.

Os contos favorecen as relacións interpersoais

Isto sucede cando "contamos" e non cando "lemos" un conto. É preferible que contemos contos ao noso fillo en vez de lerllos porque, ao contarllo, nós podemos intervir como narradores na historia e o noso fillo como oínte. Contar un conto é un acontecemento interpersoal no que o adulto e o neno poden participar por igual, polo que fortalece o vínculo pai-fillo.

Os contos transmiten mensaxes educativas

Aos nenos lles fascina escoitar unha e outra vez un relato que lles gusta. Os contos conteñen mensaxes educativas e valores morais importantes e axudan aos nenos a superar as dificultades coas que se atopan ao longo do crecemento.

Os contos proporcionan confianza

Nos contos tradicionais, este equilibrio entre as forzas do ben e do mal, que acaba sempre por inclinarse a favor do primeiro, fai xurdir no neno a esperanza de que os episodios máis ou menos desafortunados ou desgraciados da súa vida irán diminuindo de intensidade y rematarán por desaparecer; que atopará unha sorte máis propicia e que, finalmente, atopará aquela persoa ou cousa que o manterá ao abrigo de calquera perigo

Os contos están cheos de símbolos significativos

Os contos teñen un poder extraordinario debido precisamente a que as mensaxes ou principios que se desprenden están encubertos.

SESIÓN RADIO 9 FEBREIRO: Que quere dicir ser un bo profesional da educación para o século XXI?

Que competencias necesitan os docentes do século XXI? Que formación inicial e permanente? Como se atrae aos xoves con máis talento e máis motivados cara á profesión docente? Como se pode reter aos mellores docentes nos centros educativos que máis os necesitan? Como poden incorporar os profesionais da educación a reflexión sistemática sobre a práctica e a investigación pola mellora educativa? Como pode colaborar niso a universidade?

Posiblemente, é pouco arriscado asegurar que, a día de hoxe, o profesorado continua sendo clave en calquera sistema educativo. De feito, é sinxelo darse conta do seu papel crítico, se temos presente que nas súas mans recae, en última instancia, a responsabilidade de acompañar aos nenos e xoves no proceso de aprendizaxe das competencias que lles serán imprescindibles para poder converterse en cidadáns activos, participativos e, en último termo, comprometidos co progreso social.

Non obstante, o exercicio da función docente converteuse progresivamente en complexo. Nun mundo globalizado como o noso, as funcións educadoras se reformulan para poder atender os retos de unha sociedade fundamentada na economía do coñecemento.

O acceso á ensinanza obrigatoria alcanzou a sectores sociais cada vez máis amplos, que esixen respostas docentes flexibles, axustadas a necesidades educativas diversas.

Pero esta complexidade á que deben enfrontarse mestres e profesores non atopou unha correspondencia clara, nin nos escenarios que lles deberían facilitar a innovación, nin en modelos de formación inicial e desenvolvemento profesional que poderían proporcionarlles ferramentas e incentivos para afrontar con garantías a súa actividade cotiá e facer atractiva a profesión.

En último termo, o grado de responsabilidade que a sociedade conferiu a estes profesionais non parece atopar o seu reverso nun coñecemento social equivalente da profesión docente, capaz de poñer en marcha os mecanismos capaces de atraer e reter a máis profesores de calidade nos centros educativos. Así, a interpretación axeitada de que significa ser un bo profesional da educación no século XXI parece que aínda plantexa

unha cuestión non resolta e, en calquera caso, decisiva para a provisión dunha educación de calidade como servizo público.

SESIÓN RADIO 16 FEBREIRO: O papel clave das familias na educación

Que fórmulas de colaboración entre a escola e as familias poden mellorar os resultados educativos? Que estratexias poden aumentar a participación e a implicación das familias na actividade dos centros educativos? Que peso deberían ter as familias na gobernanza do sistema?

A investigación demostrou con creces a importancia capital da familia, do seu capital socioeconómico e cultural, así como as estratexias educativas que despreza, nos resultados académicos do alumnado.

Ultimamente, ponse a énfase na influencia determinante dos estilos parentais e na necesidade de formar ou acompañar ás familias na tarefa de educar.

A opinión pública e a institución escolar tenden a acusar aos pais de non interesarse polas cuestións escolares, de abdicar das súas responsabilidades educativas. En cambio, as familias parecen máis preocupadas que nunca pola escolarización dos seus fillos, polos resultados académicos, pola calidade da ensinanza que reciben, polo prestixio dos centros nos que se educan, etc.

As estratexias familiares para garantir a calidade da ensinanza son, principalmente individuais. A pesar da extensión do modelo de asociacións de pais e nais, peza clave da calidade educativa, as familias organizadas no logran facer oír a súa voz como un actor central no debate educativo.

Observamos, non obstante, que en moitos países do noso entorno, e de forma crecente no noso, as familias empezaron a reclamar unha maior presenza na definición das políticas e na vida dos centros.

Sobre a mesa hai o redefinir a participación das familias nunha institución que se pensou para deixalas na porta.

SESIÓN RADIO 23 FEBREIRO: Importancia das escolas de pais

Quen non escoitou algunha vez a uns pais preguntándose por que o seu fillo non naceu acompañado dun libro de instrucións?

Esta expresión en forma de queixa tan frecuente denota que os pais a miúdo se senten pouco preparados para afrontar a educación dos seus fillos e todo o que acarrea.

Educar a un neno, tanto dentro coma fóra do contexto escolar, require, en primeiro lugar, de sensatez e sentido común, pero tamén doutras moitas ferramentas e recursos que convén coñecer.

Algúns son transmitidos de pais a fillos en canto estes últimos comezan a enfrontarse aos problemas da paternidade, outros os ofrecen familiares ou coñecidos, pero todos eles a través da súa propia experiencia, sobre o que a eles lles funcionou.

Sen embargo, nisto da educación non existen receitas máxicas: o que serve para un neno é probable que non sirva para outro, e anque tratemos de facelo da mesma maneira, os resultados pode que non sexan os esperados.

E que facer entón? Aquí é cando observamos o desacougo, o desconcerto, as dificultades, as preguntas ao entorno cando o ego o permite, as contradicións... e en definitiva, a falta de respostas válidas.

Quen é pai sabe que non resulta fácil ser un bo pai, e que incluso cando se actúa a sabendas de que é polo ben dos nosos fillos asáltannos miles de dúbidas e a eterna incertidume de se verdadeiramente o estaremos facendo ben, se as nosas respostas e accións estarán sendo as axeitadas. O medo ao erro, á equivocación, ás veces inunda o alma dos pais, que se senten sos e incomprendidos ante una tarefa tan común pero complexa como é educar a un neno.

Entre as múltiples vantaxes das Escolas de Pais débese destacar, en primeiro lugar, o fomento de los lazos familia-escola, favorecendo unha implicación e participación activa dos pais ou titores na educación dos nenos, dando a coñecer o que se fai dentro do aula, axudando a que os pais colaboren nas tarefas escolares complementando o que se traballou, fortalecendo e reforzando as competencias e a aprendizaxe adquirida, complementando as tarefas e actividades realizadas na clase, etc.

Outra das súas vantaxes é que ofrece unha formación educativa familiar que axuda a mellorar o desenvolvemento dos nenos, dando a coñecer as súas diferentes etapas psicoevolutivas e as súas correspondentes necesidades, e amosando técnicas, recursos e ferramentas para a resolución de conflitos cotiás, a detección de posibles problemas, o reforzo ou a extinción de condutas ou comportamentos, facilitando pautas para a comunicación asertiva, afectiva e efectiva cos nenos, etc.

E outra das numerosas vantaxes que cabe mencionar é que pode axudar aos pais a coñecer como abordar algunhas das áreas transversais que deben traballarse nas escolas pero que rara vez forman parte real do seu currículo oculto, como por exemplo a educación sexual, a educación afectiva, a educación vial, a educación cidadá, a educación en valores ou a educación para a saúde. Todas elas áreas cruciais na formación e o desenvolvemento dos nenos e que sen dúbida deben reforzarse e alimentarse da educación que se recibe dentro do entorno familiar.